

## RECOMENDACIÓNS Á DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E PRODUCCIÓN FORESTAL PARA A REDACCIÓN DO PLAN FORESTAL DE GALICIA

1. Os redactores do Plan Forestal deben analizar certos documentos de referencia, como por exemplo o posicionamento emitido por AMIGOS DA TERRA
2. O Plan Forestal debe recoller as documentacións de ámbito internacional ou nacional que se produciran no período entre a aprobación de directrices e a elaboración final, en particular o acordo de París de 2015 sobre cambio climático.
3. Recoméndase que se faga unha enquisa por colectivos sobre o documento de directrices xerado no GT do Consello Forestal.
4. Proponse que se manteña o grupo de traballo como organismo consultivo que revise e faga un seguimento da propia redacción do Plan Forestal.
5. Deberían recompilarse informes complementarios sobre oferta e demanda de madeira para acadar un diagnóstico máis preciso e con menos incertidumes do recurso madeireiro.
6. O prazo razoable para que a Administración Forestal complete a redacción do Plan Forestal é de 6 meses.
7. Recoméndase que o seguimento e o control da execución e do cumprimento do Plan Forestal deben quedar claramente reflectidas no Plan Forestal, e proponse que se faga como un punto fixo anual do Consello Forestal.
8. O documento de directrices producido trasladarase ao consello forestal.
9. O documento de directrices debería trasladarse asemade, de xeito institucional, ós diferentes grupos políticos, por exemplo a través da Comisión de Agricultura.
10. Someter o Plan Forestal de Galicia a consideración e aprobación do Parlamento de Galicia a fin de dotalo da lexitimidade necesaria para asegurar a súa permanencia no tempo.